



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución idioma 1, III: Francés-Galego

Materia	Tradución idioma 1, III: Francés-Galego			
Código	V01G230V01607			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo			
Correo-e	ocampo@uvigo.es			
Web	<a href="http://www.para traduccion/ocampo">http://www.para traduccion/ocampo</a>			
Descrición xeral	<p>Traducir do galego para o idioma I, neste caso o francés, non é unha destreza máis no proceso de formación do alumnado, senón unha esixencia de mercado, e un xeito eficaz de autoconecerse como profesionais da tradución. A mecánica do curso consiste en adquirir novas parcelas de competencias grazas ó coñecemento do medio traducible e grazas á progresiva mellora das capacidades de redacción na lingua francesa. A materia vai deseñada para formar nun perfil de xeneralista da tradución, é dicir de profesional da tradución independente, capaz de intervir nun abano moi amplo de especialidades. Coa tradución xeral propónse un modo de aprendizaxe que insiste nas fases iniciais dos proxectos e permite encetar textos de calquera especialidade. Un alumnado que saiba da diversidade das encargas e coñeza o abano de estratexias que pode desenvolver para enfrontarse a elas é un alumnado motivado para perfeccionar os produtos finais que se lle esixan nas ensinanzas do 4º curso de grao.</p>			

## Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• Saber estar / ser
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE22	Destrezas de tradución	• Saber estar / ser • saber • saber facer

CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• saber facer • Saber estar / ser
CE30	Coñecemento de idiomas	• saber
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira	• saber
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• Saber estar / ser
CT13	Traballo nun contexto internacional	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser
CT16	Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT18	Creatividade	• saber facer
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer

### Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Iniciar á tradución de textos gl>fr e mellorar a competencia na práctica da tradución. Desenvolveranse competencias tales como a adquisición dun método persoal de traballo orientado ás necesidades da tradución gl>fr, a identificación de erros e a xestión das súas consecuencias e a mellora do grao de concentración nas tarefas encomendadas.	CB2 CB3 CB5 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE24 CT4 CT7 CT13 CT16 CT18 CT22
Mellorar a competencia escrita en lingua francesa.	CB1 CB5 CE1 CE2 CE4 CE30 CT2 CT15
Coñecer as condicións do mercado profesional da tradución gl>fr. Desenvolveranse competencias encamiñadas a adquirir e empregar a metalinguaxe propia do habitus profesional da tradución no espazo francófono, e a tomar decisións axeitadas a un contexto profesional.	CB2 CB5 CE22 CE24 CT7 CT8 CT13 CT15 CT16 CT22
Desenvolver as capacidades de comprensión, análise e produción de discurso oral nas linguas de traballo Afondar no autoconecemento e na confianza nun mesmo. Desenvolveranse competencias encamiñadas a coñecer a capacidade de traballo real e avaliar e controlar o grao de autoexplotación.	CB2 CB3 CB4 CE17 CE22 CT4 CT8 CT15 CT16
Ser-se capaz de utilizar com proveito as diversas fontes de información e ferramentas de traballo de que hoje dispom o tradutor profissionnal, tanto as tradicionais como as enquadradas nas TIC.	

### Contidos

#### Tema

Présentation	A materia no contexto dos estudos de grao / Obxectivos do curso, metodoloxía, actividades e sistema de avaliación.
--------------	--

Bilan de compétences	Valoración / Diagnóstico individual das fortalezas e das debilidades tradutivas do alumnado / Traducións dirixidas
Habilités I : gérer l'erreur	A falsa noción de problema en tradución / Incoherencias, fallas de cohesión, erros de tipo léxico e de rexistro / Clasificación das dificultades segundo a súa prioridade de intervención / Os erros involuntarios dos falsos erros e estratexia de tradución correspondente / Técnicas para neutralizar as dificultades irresolubles, dentro dun prazo de entrega fixado.
Expertise I : la correspondance privée et commerciale	Tradución da correspondencia privada e comercial / Pautas de revisión profesional monolingüe e bilingüe / Traducións dirixidas / Encargos de tradución para traballo autónomo.
Repères I : Ponthus et Sidoine	Galicia como referencia xeopolítica no prisma francés.
Expertise II : l'agro-alimentaire	O sector agroalimentario. Traducións con emprego de memorias de tradución, de ser o caso / Traducións dirixidas / Encargos de tradución para traballo autónomo.
Habilités II : langue, conventions et marché(s)	Anticipación mediante o contraste das propiedades semánticas e da estrutura léxica e sintáctica das dúas linguas / Sensibilización ás dificultades da tradución dende un sistema deficitario en rexistros / Convencións ortotipográficas do francés / Iniciación á linguaxe das profesións da tradución en Francia.
Repères II : de la baie de Vigues à la ville d'Aurech	Afrancesamentos malogrados / Androllas e gabachos: o francés na lingua popular galega / Potencial na linguaxe publicitaria.
Expertise III : le domaine technique	Tradución de textos técnicos. Con emprego de memorias de tradución, de ser o caso / Traducións dirixidas / Encargos de tradución para traballo autónomo.
Repères III : les manières de table	Interpretar a sintaxe, a morfoloxía e a semántica dos usos sociais.
Expertise IV : le tourisme	Tradución de textos turísticos / Aproveitamento do potencial discursivo do francés / Tratamento dos nomes propios / Fontes documentais / Análise do contexto paratradutivo das encargos / Traducións dirixidas / Encargos de tradución para traballo autónomo.
Repères IV : debrúllate ti	Para as persoas galegas migrantes, axentes vivos das características do sistema cultural galego, habitar en territorio francófono significou expoñer a súa lingua o os seus mapas mentais á épreuve de l'étranger que supuña a adaptación á paisaxe lingüística local. Deste xeito, o galego falado na emigración francófona, chámeselle galisién, galego de París ou francego, volveuse poroso e optou por regras de creación discursiva, escollas e interpretacións do mundo de sorprendente homoxeneidade, que coinciden coas estratexias desenvolvidas por outras comunidades romances. Malia estas características, esta lingua segue a ser un patrimonio descoñecido e xeralmente ignorado polos estudos galegos. Esta unidade introduce á capacidade tradutiva desenvolvida polo galisién como medium eficaz entre os ámbitos do galego e do francés.
Expertise V : l'assermentation	Introdución á modalidade xurada / Habitus e tradución xurada no ámbito gl>fr / Formatos e dimensión material dos produtos / Traducións dirixidas.
Travail de terrain	Os parámetros para efectuar a saída de campo dependerán da dispoñibilidade do alumnado e dos recursos.

### Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Sesión maxistral	11	16	27
Obradoiros	11	16	27
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	17	43	60
Saídas de estudo/prácticas de campo	3	9	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	16	20

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

Descrición
Actividades introdutorias As actividades introdutorias consisten na sesión de presentación, no inicio do semestre. Nela exporase a posición da materia no contexto dos estudos de grao, os obxectivos do curso, a metodoloxía, as actividades e o sistema de avaliación.

Sesión maxistral	O formato de clase maxistral está indicado para transferir coñecementos e sensibilizar o alumnado sobre temas tanto xerais como transversais. Serven para iniciar á metalinguaxe asociada ás destrezas precisas nesta materia, a compartir unha reflexión sobre a contorna socioeconómica que sustenta o mercado da tradución gl>fr, a transmitir formas de adquisición da información e de comprensión do sentido. Serve para estruturar contidos dos temas máis teóricos, ou que precisan desenvolvementos narrativos máis longos e completos, como as explicacións sobre o historial das relacións e intermediacións entre galego e francés.
Obradoiros	Os obradoiros son a principal ferramenta diagnóstica. Neles proporanse traducións dirixidas, co fin de tentar a competencia tradutora do alumnado. Ó mesmo tempo, as traducións dirixidas permitirán familiarizarse co método de traballo e de avaliación do profesor. Ademais proporanse exercicios de anticipación para reforzar a capacidade de toma de decisión. Deste xeito tentarase (1) promover a anticipación como método de traballo, (2) desenvolver a creación discursiva, (3) mellorar a autoconfianza do estudante. Os exercicios de anticipación consistirán, por exemplo, en (1) exercicios de tradución de títulos ocios e títulos plenos, (2) tradución de fragmentos de cronolectos en francés, ou de textos no que se deba trasladar a información icónica e visual, (3) tradución dirixida de textos con ruído ou incompletos.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Corresponde coa realización de encargos de tradución. Todas as encargos propostas proveñen do mercado real e consisten na tradución gl>fr de textos de volume calibrado, que non se viron en clase mais que pertencen á temática vinculada ó ámbito de especialidade correspondente. Esta é a principal ferramenta metodolóxica do curso, malia que o título (resolución de problemas) sexa contrario ós termos da guía desta materia, pois nela preferírase falar de "dificultades" e non de "problemas". Con esta metodoloxía o alumnado tratará de construír el só as súas traducións para o francés. Esta autonomía responde ó nivel de responsabilización que se lle esixe ó alumnado, e que se plasma en tomas de decisión individuais e na capacidade para atermos a criterios desenvolvidos a medida que progresa o seu traballo de tradución. Algunhas fases contarán coa intervención directa do profesor (previos, "briefings", contextualización, atención personalizada en caso de dúbida, traducións colectivas á vista), mais esta metodoloxía caracterízase polo estudante ou a estudante traballaren autonomamente tanto dentro da aula, en fases de inferencia, como fóra da aula.
Saídas de estudo/prácticas de campo	O grupo de estudantes, orientado polo docente, percorrerá lugares ou instalacións e/ou visitará exposicións ou eventos relacionados cos contidos da materia. O obxectivo da saída de estudo é de identificar e analizar produtos ou prácticas reais de tradución en medio urbano, público ou privado (dependendo da autorización correspondente). Para a saída contarase cos medios e co apoio lóxico que facilitará a Universidade de Vigo. A presencialidade (3 horas) corresponde a 2 sesións de hora e media que non se impartirán na aula, e equivalentes a media xornada. Nesta ocasión, a docencia trasladarase fóra do campus, ó lugar da saída de estudo.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargos e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, privilexiase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.

Obradoiros	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, privilexiase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, privilexiase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.
Saídas de estudo/prácticas de campo	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, privilexiase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realizaranse e entregaranse ata 5 encomendas de tradución características do tipo de dificultades que se abordan na aula. Elaborarase unha nota media a partir das 3 mellores notas das 5 encomendas.	60	CB2 CB3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CT4 CT7 CT22

Saídas de estudo/prácticas de campo	Serán valorados os textos (informes, redaccións, traducións, resumos etc.) xerados polo alumnado como resultado da súa experiencia na saída de estudos.	20	CB1 CB4 CB5 CE8 CE17 CE18 CE24 CT4 CT7 CT15 CT16 CT18
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizarase na aula unha proba manuscrita de tradución con tempo limitado (2 horas). A non ser que o docente sinala o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica.	20	CB3 CB4 CE2 CE30 CT8 CT18 CT22

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### Avaliación continua

Nas dúas primeiras semanas de clase, o alumnado deberá comunicarlle ó docente a súa intención de acollerse á avaliación continua. En todo caso, para poder manterse dentro desa modalidade de avaliación continua, deberá asistir polo menos ó 80% das horas presenciais.

As competencias do alumnado serán avaliadas en función de tres metodoloxías diferentes:

a) Mediante a resolución de exercicios, baixo a forma de tradución de encomendas (60% da nota final). A nota media dese bloque metodolóxico calcularase a partir das 3 mellores notas dun total de 5 encomendas. A primeira encomenda de tradución deberá entregarse na primeira semana de febreiro de 2016. A segunda encomenda de tradución deberá entregarse na primeira semana de marzo de 2016. A terceira encomenda de tradución deberá entregarse na terceira semana de marzo de 2016. A cuarta encomenda de tradución deberá entregarse na segunda semana de abril de 2016. A quinta encomenda de tradución deberá entregarse na cuarta semana de abril de 2016.

b) Mediante o resultado das respostas achegadas durante a fase de traballo decampo na saída de estudos (20% da nota final). No caso de que as circunstancias impidisen o desenvolvemento da saída de estudos, a porcentaxe da nota final correspondente a esta metodoloxía de avaliación (20%) transferirase para o bloque de tradución de encomendas. Estas pasarán a representar o 80% da nota final.

c) Mediante a corrección da proba práctica na aula (20% da nota final). A proba práctica en aula terá lugar na derradeira semana do mes de abril de 2016.

Non se conservará ningún aprobado parcial para a convocatoria da segunda edición de actas (xullo).

### Convocatoria da primeira edición de actas (xuño de 2016)

O alumnado que non se acolla á avaliación continua poderá realizar un exame final e único fixado para a derradeira sesión presencial da materia, segundo o calendario e horario da Facultade.

Este exame consistirá nunha tradución gl>fr con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota final. A non ser que o docente sinala o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica.

### Convocatoria da segunda edición de actas (xullo de 2016)

O alumnado que obtivese unha cualificación de suspenso nas probas da avaliación continua ou na convocatoria da primeira edición de actas (xuño de 2016) deberá presentarse á convocatoria da segunda edición de actas (xullo) fixada no calendario oficial da Facultade.

Este exame consistirá nunha tradución gl>fr con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota final. A

non ser que o docente sinala o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica.

O plaxio ou copia cualificarase cun 0, que computará para a nota final. O exercicio ou traballo que sexa obxecto de copia ou plaxio non se poderá repetir.

Os erros de lingua que sobreparen a proporción de tolerancia fixada polo docente durante o curso provocarán o suspenso de calquera traballo ou exame realizado.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

BUJÁN FRA, Ana, "Norma e investigación sobre a tradución xurada", *Viceversa*, 14, 43-53., 2008

DELISLE, Jean, LEE-JAHNKE, Hannelore & CORMIER, Monique (dirs.), *Terminoloxía da tradución*, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo., 2003

FERNÁNDEZ OCAMPO, Anxo, *Overview of Non-Mother Tongue Translation from Galician*, SNELL-HORNBY, M. et. al. *Translation into Non-Mother Tongues*. Stauffenburg: Studien zur Translation, 2000

GILE, Daniel, *La traduction. La comprendre, l'apprendre.*, París: PUF., 2005

GOUADEC, Daniel, *Le traducteur, la traduction et l'entreprise.*, París: AFNOR., 1989

HARGUINDEY BANET, Henrique, *La Galice. Dez séculos de olladas francesas.*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela., 2009

KELLY, Dorothy, *The translation of texts from the tourist sector: textual conventions, cultural distance and other constraints*, *Trans*, 2, 33-42., 1998

KIRALY, Donald, *A Social Constructivist Approach to Translator Education. Empowerment from Theory to Practice.*, Manchester: Saint Jerome Publishing Company., 2000

Office québécois de la langue française, *Banque de dépannage linguistique.*, <http://www.oqlf.gouv.qc.ca/ressources/bdl.html>, 2012

Office québécois de la langue française, *Le grand dictionnaire terminologique.*, <http://www.gdt.oqlf.gouv.qc.ca/index.aspx>, 2012

SAN GINÉS AGUILAR, P. e ORTEGA ARJONILLA, E., *Introducción a la traducción jurídica y jurada (francés-español).*, Granada: Editorial Comares., 1997

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Galego/V01G230V01933

Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01704

Tradución idioma 2, III: Francés-Galego/V01G230V01611

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés/V01G230V01404

Tradución idioma 1, I: Francés-Galego/V01G230V01311

Tradución idioma 1, II: Francés-Galego/V01G230V01504

---